REUNIÓN DA COMISIÓN 2.ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Día: 01.06.2017 Hora: 10:30

A Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 1 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. **Preguntas**

1.1 7648 (10/POC-001328)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 7 máis
Sobre o número de concellos galegos adheridos na actualidade á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, as vantaxes derivadas desa adhesión e as medidas que está a adoptar esa axencia para incrementar o seu número, así como as actuacións que se están a levar a cabo para ampliar as competencias dese organismo co obxectivo de reforzar a loita contra o feísmo urbanístico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017

1.2 7835 (10/POC-001368)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre o impacto medioambiental da construción dun embarcadoiro entre as praias da Iriña e da Panadeira polo do Real Club Náutico de Sanxenxo, o control levado a cabo polo Goberno galego ao respecto e as razóns da autorización a unha empresa privada para a súa explotación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017

1.3 8188 (10/POC-001424)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o desenvolvemento da convocatoria de axudas para actuacións de mellora da Rede Natura 2000 nos anos 2016-2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017

1.4 8232 (10/POC-001430)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre as actuacións previstas por Augas de Galicia co fin de tramitar unha modificación puntual do Plan de xestión do risco de inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, para delimitar en Sada unha área de risco potencial significativo de inundación, así como os trámites iniciados ou previstos pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio co obxectivo de promover o asinamento dun convenio de colaboración co Concello de Sada para a execución das obras necesarias co propósito evitar novos asolagamentos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017

1.5 8344 (10/POC-001459)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas empresas circenses que actúan de xeito reiterado sen permiso municipal e a suspensión de calquera tipo de permiso a circos que usen animais nos seus espectáculos, mentres non entre en vigor a prohibición reflectida no Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017

1.6 8667 (10/POC-001531)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 13 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co proceso de participación social levado a cabo para a elaboración do novo Mapa de transportes de Galicia, os criterios que van primar na aprobación do Plan de transporte público de Galicia e a súa incardinación nun proxecto para o medio rural, así como a metodoloxía de elaboración e implementación da enquisa realizada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 113, do 11.05.2017

1.7 8781 (10/POC-001541)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o contido do novo Plan de transporte de Galicia, as alternativas que está a valorar a Consellería de Infraestruturas e Vivenda para garantir o servizo de transporte de viaxeiros cando desaparezan as 578 liñas de autobús, así como a valoración do aproveitamento da caducidade das concesións do transporte terrestre para reorganizar e redeseñar o servizo con criterios de intermodalidade naquelas comarcas onde existe tren
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 116, do 19.05.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 2.ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Raúl Fernández Fernández	S
Martín Fernández Prado	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 7648(10/POC-001328)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 7 máis

Sobre o número de concellos galegos adheridos na actualidade á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, as vantaxes derivadas desa adhesión e as medidas que está a adoptar esa axencia para incrementar o seu número, así como as actuacións que se están a levar a cabo para ampliar as competencias dese organismo co obxectivo de reforzar a loita contra o feísmo urbanístico

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 16:40
Nº Rexistro: 7648
Data envio: 05/04/2017 16:40:15.081

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Martín Fernández Prado, Diego Calvo Pouso,Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias,Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar,deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) é un ente de dereito público, de natureza consorcial, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. A súa función principal é velar pola utilización racional do solo conforme ao disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

A Axencia está a fortalecer o seu papel como órgano dotado de independencia que se abriu á participación real e efectiva dos concellos, dándolle entrada aos representantes da administración local nos órganos de decisión en outubro de 2009.

A APLU segue a incrementar o número de concellos que lle teñen delegadas funcións de control, de inspección e de sanción do seu termo municipal. Chegado a este punto, considerase oportuno comezar unha nova fase de mellora e posta en valor da APLU, mesmo ampliando as súas funcións e competencias.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte **Pregunta Oral en Comisión:**

1. Cantos concellos galegos están adheridos a día de hoxe á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística?

2. Que vantaxes ten para estes concellos a adhesión á APLU?

3. Que medidas se están tomando desde a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para incrementar o número de concellos adheridos?

4.Que pasos se están a dar para ampliar as competencias da APLU co obxectivo de reforzar a loita contra o feísmo urbanístico?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 16:40
Nº Rexistro: 7648
Data envio: 05/04/2017 16:40:15.081

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 05/04/2017 16:35:01

Martín Fernández Prado na data 05/04/2017 16:35:21

Jaime Castiñeira Broz na data 05/04/2017 16:35:36

Diego Calvo Pouso na data 05/04/2017 16:35:48

Marta Novoa Iglesias na data 05/04/2017 16:35:56

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/04/2017 16:36:15

María Julia Rodriguez Barreira na data 05/04/2017 16:36:31

Antonio Mouriño Villar na data 05/04/2017 16:37:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 7835(10/POC-001368)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o impacto medioambiental da construción dun embarcadoiro entre as praias da Iriña e da Panadeira polo do Real Club Náutico de Sanxenxo, o control levado a cabo polo Goberno galego ao respecto e as razóns da autorización a unha empresa privada para a súa explotación

Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2017 13:06
Nº Rexistro: 7835
Data envio: 10/04/2017 13:06:17.582

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

As praias Caneliñas (296), Silgar (298), Iriña (299) e Panadeira (300) figuran no actual POL (Plan de Ordenación do Litoral) como praias urbanas de Sanxenxo. O Real Club Náutico de Sanxenxo solicitou a Portos de Galicia licenza para construír entre as praias da Iriña (Os Barcos) e a Panadeira un pantalán de 124 amarres. Portos de Galicia concedeu a licenza con data 09 de maio de 2012.

A Plataforma veciñal SOS Panadeira, mobilizase, mentres o concello de Sanxenxo, O Colexio de Biólogos, a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC), o Informe do Colexio de Educadores Sociais manifestan a súa oposición á obra.

As obras non contan con licenza municipal, os técnicos do concello emitiron un informe desfavorable. O 15 de maio de 2013, Portos de Galicia emite orde de paralización pola polémica no ámbito social na vila e discrepancia co proxecto construtivo. Posteriormente o Real Club Náutico de Sanxenxo presenta modificacións do proxecto e o 17 de xuño de 2013 obtén permiso para retomar as obras. Cortan primeiro 3 pilotes e posteriormente 6 pilotes. Varios, cravados nas rochas, tiveron que ser cortados e posteriormente as súas bases cubertas con grandes sacos de área foránea. Polo que o número de amarres quedou reducido a 61. Aínda que, inexplicablemente, a Consellería de Medio Ambiente afirma que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2017 13:06
Nº Rexistro: 7835
Data envio: 10/04/2017 13:06:17.582

a obra non está suxeita a declaración de impacto ambiental, suxire unha serie de actuacións que consideramos que non se cumpriron.

Na modificación do proxecto, o Real Club Náutico de Sanxenxo comprometeuse a deixar 33,5 metros entre a Praia Panadeira e o pantalán. SOS Panadeira ten demostrado que só hai 16,85 m. Os dous areais (Panadeira e Iriña (Os Barcos)) están seriamente afectados pola obra do Real Club Náutico de Sanxenxo que está transformando este espazo en zona portuaria, o que conleva un aumento de contaminación e limitación de baño (verquidos, biocidas…), que se está a usar un ben de dominio público con gran acervo no pobo en beneficio dunha empresa privada. Mesmo se está a usar o espazo non destinado a amarres para motos e zodiacs… Segundo a UE, onde acudiu SOS Panadeira, as obras deberían estar sometidas a unha avaliación que teña en conta a conservación do espazo natural público.

Por todo o exposto anteriormente, formulamos as seguintes preguntas:

• Exerce o goberno algún control sobre o uso (ou abuso) das instalación e incidencia medioambiental na zona?

• Que motivacións levan ao goberno a permitir que bens públicos pasen a mans privadas e se convertan en obxecto de negocio?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2017 13:06
Nº Rexistro: 7835
Data envio: 10/04/2017 13:06:17.582

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 10/04/2017 13:04:02

Antón Sánchez García na data 10/04/2017 13:04:15

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 8188(10/POC-001424)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o desenvolvemento da convocatoria de axudas para actuacións de mellora da Rede Natura 2000 nos anos 2016-2017

Publicación da iniciativa, 110, 04.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 12:50
Nº Rexistro: 8188
Data envio: 24/04/2017 12:50:57.516

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

1. Entre as liñas de actuación da consellaría de medio ambiente figura a realización de proxectos e actividades para a mellora e dinamización da rede Natura 2000, tarefa da que se encargan os servizos provinciais de conservación da natureza. Estes proxectos comprenden actuacións como sinalización, eliminación de especies invasoras, mellora dos accesos, protección ambiental, educación ambiental, etc. Por outra parte, os citados servizos teñen a responsabilidade de informar sobre os proxectos presentados polos concellos ás convocatorias de axudas para mellora dos espazos da Rede Natura.

2. No ano 2016 publicáronse as bases das convocatorias de subvencións destinadas a concellos para actuacións de mellora da rede Natura 2000 nos anos 2016-2017. Como é habitual, os técnicos dos servizos provinciais de conservación da natureza fixeron a avaliación dos proxectos, e dacordo con estes criterios foron concedidas ou denegadas as axudas.

3. A comezos do ano 2017 os citados técnicos recibiron unha instrución da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para que desbotasen as súas propostas de actuación e para que elaborasen unha serie de propostas de actuación en determinados concellos. O grave desta situación é que se lles ordena elaborar proxectos que xa foran

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 12:50
Nº Rexistro: 8188
Data envio: 24/04/2017 12:50:57.516

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presentados polos concellos e desbotados na convocatoria de subvencións, co obxectivo de facelos pasar por propostas dos servizos provinciais de conservación da natureza.

Hai que ter en conta que estes proxectos foron rexeitados por criterios técnicos: por estar fóra do ámbito do espazo natural, por propoñer actuacións que deberían ser financiadas con orzamentos municipais, actuacións en bens de propiedade particular, etc. En suma, proxectos que nada teñen que ver coa mellora do espazo natural e que encobren actuacións que responden a outros intereses e necesidades.

4. Estamos pois ante unha forma de actuar arbitraria, que pon por diante os intereses partidistas e particulares en detrimento do interese xeral. E que supón violentar gravemente as funcións que teñen atribuídas as persoas que traballan nos servizos provinciais de conservación da natureza.

Polo anteriormente exposto, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que proxectos de concellos foron rexeitados na convocatoria de axudas para Rede Natura dos anos 2016-2017?

2. Cal é o orzamento de que dispón a Dirección Xeral de Patrimonio Natural para desenvolver actuacións propias na Rede Natura 2000 no ano 2017?

3. Que criterio segue a Dirección Xeral de Patrimonio Natural para decidir as actuacións na Rede Natura 2000? Que atribucións teñen os servizos provinciais de conservación da natureza ao respecto?

4. Por que se deu a orde de prescindir das propostas realizadas polos técnicos dos servizos provinciais?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 12:50
Nº Rexistro: 8188
Data envio: 24/04/2017 12:50:57.516

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Cal é a razón de que se queira facer pasar por propostas de actuación dos servizos provinciais proxectos dos concellos que foron desbotados na citada convocatoria de subvencións?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/04/2017 12:50:09

Olalla Rodil Fernández na data 24/04/2017 12:50:14

María Montserrat Prado Cores na data 24/04/2017 12:50:22

Ana Pontón Mondelo na data 24/04/2017 12:50:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 12:50
Nº Rexistro: 8188
Data envio: 24/04/2017 12:50:57.516

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/04/2017 12:50:28

Noa Presas Bergantiños na data 24/04/2017 12:50:30

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 8232(10/POC-001430)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre as actuacións previstas por Augas de Galicia co fin de tramitar unha modificación puntual do Plan de xestión do risco de inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, para delimitar en Sada unha área de risco potencial significativo de inundación, así como os trámites iniciados ou previstos pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio co obxectivo de promover o asinamento dun convenio de colaboración co Concello de Sada para a execución das obras necesarias co propósito evitar novos asolagamentos

Publicación da iniciativa, 110, 04.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 8232
Data envio: 24/04/2017 18:56:05.388

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Tal e como considerou o Pleno do Concello de Sada no acordo adoptado o pasado 23 de febreiro deste ano, dentro do proceso de implantación da Directiva 2007/60/CE na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, e en cumprimento do Real decreto 903/2010 de 9 de xullo, de avaliación e xestión dos riscos de inundación, Augas de Galicia realizou unha avaliación preliminar do risco de inundación co obxecto de determinar aquelas zonas ou áreas do territorio para as que se chegue á conclusión de que existe un risco potencial significativo de inundación (as denominadas ARPSIs) nas que a materialización dese risco se pode considerar probable, e someteu a consulta pública o documento elaborado mediante resolución publicada no DOG de 7-9-2011, sen que o Concello de Sada tivese daquela presentado ningunha alegación no período de consultas e información pública. O Plan de xestión de risco de inundación da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa do ciclo 2015-2021, foi aprobado por acordo do Consello da Xunta o 3 de decembro de 2015, e polo Consello de Ministros o 15 de xaneiro de 2016 (Real decreto 19/2016 do 15 de xaneiro, publicado no BOE do 22-1-2016).

Dous meses máis tarde da aprobación do RD 19/2016, os días 29 e 30 de marzo de 2016, producíronse en Sada as maiores inundacións das que se ten constancia nunha vila que vén sufrindo episodios deste tipo periodicamente, inundacións que por fortuna non ocasionaron vítimas pero si orixinaron cuantiosos danos materiais e unha intensa sensación de alarma na poboación.

O 31 de marzo de 2016, ao día seguinte das inundacións, o Pleno do Concello, por unanimidade, instou a Augas de Galicia a realizar a colaboración financeira e técnica co Concello de Sada para financiar as actuacións relativas, tanto ao sistema fluvial como á rede de augas residuais, que requirían unha actuación urxente co fin de evitar que os ditos asolagamentos se poidan repetir. Este acordo fora remitido tanto á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, coma a Augas de Galicia nos seguintes días do mes de abril, sendo reiterado durante o mes de maio, sempre sinalando o Concello de Sada a súa

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 8232
Data envio: 24/04/2017 18:56:05.388

dispoñibilidade para encargar os pertinentes estudos e traballos para procurar a mellor solución técnica. Estas demandas do Pleno municipal non foron atendidas.

O Concello carece de competencia e de medios para avaliar o risco potencial de inundacións e adoptar as medidas precisas para previlas, pero, a pesar diso e co obxectivo de poder dispor de información técnica, encargou a través dun convenio de colaboración un informe que foi elaborado por EMALCSA e os servizos técnicos deste concello, co apoio do Grupo de Enxeñería da Auga e do Medio Ambiente da Universidade da Coruña, no que se pon de manifesto a necesidade de analizar futuras actuacións no ámbito da hidroloxía superficial nas concas dos ríos que verten en Sada, xa que o progresivo proceso de impermeabilización da superficie constitúe unha ameaza para situacións como a ocorrida en Sada en marzo de 2016, que podería ter consecuencias aínda máis catastróficas se as choivas foran especialmente intensas ou a situación das mareas fose peor que a deses días.

Actuacións necesarias aos efectos de paliar un risco de inundacións que tamén precisa da delimitación correspondente dunha ARPSI no vixente Plan aprobado polo RD 19/2016, o que incluiría o programa de medidas e actuacións a asumir e executar polas administracións competentes.

Ante a falta reiterada de contestación, tanto por parte da Consellería de Medio Ambiente como por parte de Augas de Galicia, aos acordos tomados polo Concello de Sada en demanda da revisión da avaliación e planificación dos riscos de inundacións no municipio e de realización das obras hidráulicas necesarias, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que previsións de traballo ten Augas de Galicia para incoar na maior brevidade posible e tramitar de conformidade co Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, unha modificación puntual do Plan de xestión do risco de inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia - Costa, aos efectos de delimitación en Sada dunha área de risco potencial significativo de inundación, ARPSI, con inclusión do correspondente programa de medidas e conxunto de actuacións asociadas a este?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 8232
Data envio: 24/04/2017 18:56:05.388

Grupo Parlamentario

2ª) Que trámites ten iniciado ou, de ser o caso, que previsións ten a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, para promover a subscrición de un convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Sada que estableza a planificación, programación, prazos, financiamento e execución das obras necesarias para evitar novos asolagamentos na vila de Sada?

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 21 de abril de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/04/2017 18:51:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/04/2017 18:51:53

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/04/2017 18:51:58

Raúl Fernández Fernández na data 24/04/2017 18:52:07

María Luisa Pierres López na data 24/04/2017 18:52:15

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 8344(10/POC-001459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas empresas circenses que actúan de xeito reiterado sen permiso municipal e a suspensión de calquera tipo de permiso a circos que usen animais nos seus espectáculos, mentres non entre en vigor a prohibición reflectida no Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía

Publicación da iniciativa, 110, 04.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2017 17:47
Nº Rexistro: 8344
Data envio: 26/04/2017 17:47:48.858

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e **María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os animais que viven nos circos están obrigados a permanecer de por vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadeados en camións de traslado, negándoselles calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades. Isto pode conducir a estes animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos e ata poden chegar a provocar reaccións violentas, co que supoñen de risco para as persoas en caso de accidente.

Sabemos que o sector do circo comparte a sensibilidade, a estima e o respecto cara os animais, que é precisamente o obxectivo da presente iniciativa. Porque o circo é, fundamentalmente, unha disciplina fundamental das artes escénicas, que, ao noso entender, non precisa de animais para o seu desenvolvemento e para o seu éxito.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que exhibilos fóra do seu hábitat natural, obrigándolles a realizar actividades impropias da súa especie, é unha crueldade e unha maneira de incrementar o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas. Precisamente por iso, na nosa realidade máis próxima, moitos dos nosos concellos xa non permiten os espectáculos de circo con animais salvaxes.

Pero en Galicia, a Lei 1/1993 (de 13 de abril), de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade, di no seu artigo 5 que se prohibe a utilización de animais en espectáculos, pelexas, festas populares e outras actividades si lles poden ocasionar danos, sufrimentos ou facelos obxecto de tratamento antinatural. Non prohibe os circos con animais expresamente.

Non obstante, no Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía, no seu artigo 9, letra l), si que di que “se prohibe o emprego e

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2017 17:47
Nº Rexistro: 8344
Data envio: 26/04/2017 17:47:48.858

tenza de animais de especies silvestres nos circos"; mais de momento é só un proxecto de lei.

Esta falta de lei en vigor está a facer que empresas dedicadas ao mundo do circo estean a desembarcar nas vilas galegas co obxectivo de desenvolver a súa actividade sen cumprir coas normas básicas de autorización municipal previa e presentando denuncias para tratar de forzar aos alcaldes e alcaldesas a regalar as conexións de subministros básicos ou, incluso, "enganchándose" aos mesmos con nocturnidade e aleivosía. Isto é o que está a ocorrer en moitos concellos, o último en facelo é o Concello de Vilagarcía de Arousa, un concello que se opón frontalmente á explotación dos animais en eventos de circo e que ten amosado o baleiro normativo e a falta de resposta do Goberno galego.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto o Goberno galego actuar fronte ás empresas circenses que actúan de maneira reiterada sen permiso municipal?
2. Vai suspender o Goberno galego calquera tipo de permiso a circos que usen animais no seu espectáculo mentres non se aproba a prohibición da futura lei de protección e benestar dos animais de compañía?
3. Cales son os motivos polos que o Goberno galego non apoia aos concellos que rexeitan o uso de animais en circos, que xa suman 70 consistorios?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2017 17:47
Nº Rexistro: 8344
Data envio: 26/04/2017 17:47:48.858

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/04/2017 17:40:58

Julio Torrado Quintela na data 26/04/2017 17:41:03

Raúl Fernández Fernández na data 26/04/2017 17:41:07

María Luisa Pierres López na data 26/04/2017 17:41:12

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 8667(10/POC-001531)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 13 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co proceso de participación social levado a cabo para a elaboración do novo Mapa de transportes de Galicia, os criterios que van primar na aprobación do Plan de transporte público de Galicia e a súa incardinación nun proxecto para o medio rural, así como a metodoloxía de elaboración e implementación da enquisa realizada

Publicación da iniciativa, 113, 11.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 17:52
Nº Rexistro: 8667
Data envio: 04/05/2017 17:52:07.220

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao, deputadas e deputados do G.P. de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A sentenza de marzo de 2016 do Tribunal Supremo que anulaba 129 concesións de transporte público por estrada, provocou a necesidade da elaboración urxente dunha Lei de Medidas Urxentes para a Actualización do Transporte de Galiza.

A Sentenza considerou que a Resolución do 26 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se aproba o Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, incumpría o Regulamento 13/2007 que entrara en vigor anteriormente a dita resolución.

Nesta lei incluíase a elaboración dun novo Plan de Transporte de Galiza, instrumento mediante o cal se debería establecer a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na Comunidade Autónoma.

A Lei incluía obrigatoriedade da prestación de servizo transitoriamente, e de feito o obxectivo da Lei xa se precisaba na súa exposición de motivos :

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 17:52
Nº Rexistro: 8667
Data envio: 04/05/2017 17:52:07.220

"*Non obstante, logo de que o Tribunal Supremo anulase a ampliación dos prazos de vixencia daquelas concesións previsto naquela lei, deberanse programar os traballos de planificación do novo sistema de transporte público para a súa licitación consonte ao previsto na normativa comunitaria, sen prexuízo de apostar polo mantemento das actuacións de modernización que faciliten ao sector de transporte público responder axeitadamente ás demandas do novo mapa de servizos.....Por outra parte, logo do pronunciamento do Tribunal Supremo en relación coa ampliación de prazos das concesións que establecera a Lei 5/2009,* ***no terceiro artigo do texto articulado fíxanse as regras para garantir a continuidade da prestación dos servizos de transporte público durante o tempo preciso para o desenvolvemento dos traballos de planificación e o novo deseño de servizos,*** *facilitando o mantemento de actuacións relevantes de modernización do sector previstas naquela lei".*

O dito Plan de Transporte debe estar aprobado no prazo de 21 meses desde a entrada en vigor de dita Lei 10/2016 (entrou en vigor o 23/07/2016), garantíndose que os novos contratos de transporte se produzan dentro do período transitorio que establece o Regulamento 1370/2007.

Si non era suficiente coa Lei 10/2016, só cinco meses despois, o goberno presenta na Lei de acompañamento un conxunto de medidas que non só van directamente contra os fundamentos e efectos xurídicos do fallo do TS senón contra do Regulamento 1370/2007 e as súas directrices de interpretación do 2014.

1.- Art. 72.2. Previsión de novos servizos de transporte incluso antes da aprobación do Plan de Transporte Público de Galicia, pero , ollo, que *"se planifiquen co obxectivo de garantir a continuidade na explotación de tráficos nos que concorran as circunstancias que prevé o artigo 5.5 do Regulamento (CE) 1370/2007, e cuxa explotación se prevea coas limitacións temporais que*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 17:52
Nº Rexistro: 8667
Data envio: 04/05/2017 17:52:07.220

establece o dito precepto. Esta norma resultará de aplicación aínda cando o novo servizo supoña unha reordenación en profundidade dos servizos abandonados ou en risco de abandono, incluso coa introdución, supresión ou modificación substancial dos tráficos que neles se prevían, ou coa inclusión de novas modalidades de prestación dos servizos, como servizos baixo demanda ou servizos integrados.

Igualmente, a Administración poderá acordar o establecemento doutros servizos, non previstos expresamente no Plan de Transporte Público de Galicia, que resulten coherentes coa súa planificación xeral e que se propoña implantar cunha duración temporalmente limitada, ben para a satisfacción de demandas puntuais de transporte, ben para a validación de solucións de mobilidade innovadoras, ou para a experimentación, limitada no tempo ou no territorio, de alternativas non previstas inicialmente na planificación de transporte".

É notoria a actuación incumpridora do Goberno galego nesta cuestión confirmada por sentenza, pero tamén o é que se está a facer atropelada e precipitadamente o que debeu ser un traballo de planificación de anos co fin de dotar a Galiza dun servizo de transporte público integral e adaptado a un proxecto de país establecido.

A elaboración do novo Mapa de Transporte está a pecar nunha dupla vertente:

-Non está a ser o suficientemente participada pola sociedade.

-Non se está a facer un Plan de Transporte incardinado nun proxecto de país.

Isto provoca basicamente que o criterio das empresas de rendibilidade das liñas pese moito, e que o criterio social pese moito menos, e provoca que vaiamos a un Plan de Transporte sen ter definidos os obxectivos a medio e longo prazo de desenvolvemento do noso rural.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 17:52
Nº Rexistro: 8667
Data envio: 04/05/2017 17:52:07.220

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Temémonos que primen sobre todo os criterios economicistas a curto prazo que agraven, pola merma de servizos, o círculo vicioso de abandono e envellecemento do rural.

Dende o noso punto de vista o deseño e promoción do transporte público debe de ser tamén un elemento que axude a mudar esa dinámica aínda que a curto prazo poida parecer non rendible.

O interior do país, e nomeadamente as provincias de Lugo e Ourense, poden ser prexudicadas por unha rebaixa máis nos servizos públicos.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1) Cal é a valoración do proceso de participación social supostamente realizado para a elaboración do novo Mapa de Transportes?

2) Que criterios primarán na aprobación do Plan de Transporte Público de Galiza?

3) Está dito Plan incardinado nun proxecto para o rural galego cuns obxectivos concretos e claros?

4) Cantas liñas poden ser suprimidas?

5) Tomouse o de Castela e León como modelo?

6) Cal foi a metodoloxía de elaboración e implementación da enquisa efectuada?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 17:52
Nº Rexistro: 8667
Data envio: 04/05/2017 17:52:07.220

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 04/05/2017 17:44:56

Luis Villares Naveira na data 04/05/2017 17:45:19

Carmen Santos Queiruga na data 04/05/2017 17:45:27

Paula Vázquez Verao na data 04/05/2017 17:45:41

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/05/2017 17:45:45

Juan José Merlo Lorenzo na data 04/05/2017 17:45:48

Eva Solla Fernández na data 04/05/2017 17:45:52

Luca Chao Pérez na data 04/05/2017 17:45:56

Paula Quinteiro Araújo na data 04/05/2017 17:46:01

Magdalena Barahona Martín na data 04/05/2017 17:46:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 17:52
Nº Rexistro: 8667
Data envio: 04/05/2017 17:52:07.220

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

José Manuel Lago Peñas na data 04/05/2017 17:46:11

Francisco Casal Vidal na data 04/05/2017 17:46:15

David Rodríguez Estévez na data 04/05/2017 17:46:19

Marcos Cal Ogando na data 04/05/2017 17:46:23

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 8781(10/POC-001541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o contido do novo Plan de transporte de Galicia, as alternativas que está a valorar a Consellería de Infraestruturas e Vivenda para garantir o servizo de transporte de viaxeiros cando desaparezan as 578 liñas de autobús, así como a valoración do aproveitamento da caducidade das concesións do transporte terrestre para reorganizar e redeseñar o servizo con criterios de intermodalidade naquelas comarcas onde existe tren

Publicación da iniciativa, 116, 19.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 17:55
Nº Rexistro: 8781
Data envio: 08/05/2017 17:55:51.347

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a supresión das liñas de transporte terrestre e o novo Plan de transporte de Galiza

A Consellaría de Infraestruturas anunciou que a Xunta está a traballar no novo Plan do transporte perante a inminente caducidade das actuais concesións. Iso suporá a desaparición de até 578 liñas de autobús existentes actualmente no noso país. A maior parte delas nas comarcas de Ourense (onde desaparecerán o 81%) e Lugo (-63%).

Segundo a conselleira, Ethel Vázquez, o Goberno galego está a traballar nunha reordenación das liñas e na procura de alternativas toda vez que as compañías de transporte aseguran non lles ser rendíbel en moitos casos o que, cumpre lembrar, supón un servizo fundamental para a poboación galega, nomeadamente aquela que vive no rural e na montaña.

Neste senso, Infraestruturas di valorar como alternativa incorporar e mesmo combinar os taxis, os microbús e/ou o denominado “transporte a demanda”.

A desaparición prevista das liñas de autobús que se iniciaría a partir de agosto de 2017 suporá un grave prexuízo para a poboación do noso país cuxa vertebración territorial é moi precaria ficando numerosas localidades e parroquias illadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 17:55
Nº Rexistro: 8781
Data envio: 08/05/2017 17:55:51.347

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais non só, tamén se prevé mudanzas no servizo e frecuencias entre cabeceiras de comarca e as principais cidades, por exemplo, entre A Fonsagrada e Lugo ou as cidades de Lugo e Ourense; alén da afectación de maneira combinada, caso da Mariña, pola supresión do servizo de autobús e o desmantelamento do tren de proximidade (antigo FEVE).

Porén, a desaparición destas liñas non é un feito casual senón que resulta, entre outras cuestións, da demora e incapacidade manifesta da Xunta de Galiza por abordar, con perspectivas de futuro e unha visión integral, a problemática do transporte terrestre no país para alén do feito de se ter declarada ilegal a prórroga outorgada en 2011 ás empresas concesionarias por parte do Tribunal Supremo.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- En que consiste o novo Plan de transporte no que está a traballar a Xunta de Galiza?

- Cales son as alternativas que valora a Consellaría de Infraestruturas para garantir o servizo de transporte de viaxeiros cando sexan suprimidas as 578 liñas de autobús?

- Por que non se abordou esta cuestión con maior celeridade en troca de agardar á caducidade das concesións?

- Valora o Goberno galego aproveitar a caducidade das concesións do transporte terrestre para reorganizar e redeseñar o servizo atendendo a criterios de intermodalidade naquelas comarcas nas que existe tren?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 17:55
Nº Rexistro: 8781
Data envio: 08/05/2017 17:55:51.347

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- De ser así, está a traballar a Consellaría con outras administracións entre elas Fomento?

- Prevé manter encontros directos a Consellaría con representantes dos concellos afectados pola supresión das liñas de autobús?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2017 17:52:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2017 17:52:27

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2017 17:52:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 17:55
Nº Rexistro: 8781
Data envio: 08/05/2017 17:55:51.347

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2017 17:52:34

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2017 17:52:37

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2017 17:52:40